

## **O INICIO DA IDADE MODERNA**

- Fases.

S. XVI. A época do Renacemento.

S. XVII. A época do Barroco.

S. XVIII. A época da Ilustración e do Absolutismo.

### **1.- Unha época de transformacións.**

A caída de Constantinopla (1453 d.C.) permite que os turcos se internen no continente europeo.

Tamén se producen grandes descubrimentos xeográficos en África, Asia e América, co que se forman grandes imperios e aumenta o comercio.

Prodúcese unha loita pola hexemonía en Europa, co triunfo dos reinos peninsulares.

As monarquías autoritarias e absolutistas substitúen os reinos feudais.

Na economía desenvólvese o capitalismo comercial. Conleva o crecemento da burguesía no plano social.

Ruptura da unidade católica de Occidente a través da Reforma protestante.

O humanismo, como corrente cultural, centra a súa atención no ser humano en lugar de facelo en Deus. Desenvólvese o Renacemento no plano artístico.

### **2.- Os grandes descubrimentos.**

#### **2.1.- Causas.**

- Políticas. Continuar a expansión territorial tras completar a conquista da Península Ibérica, e fortalecer o poder das monarquías autoritarias.

- Económicas. Procura de novas rutas para comerciar con Asia tras a caída de Constantinopla en poder dos turcos.

- Científicas e técnicas. Teoría de que a Terra é redonda, e máis pequena do que é na realidade. Idea de chegar a Oriente navegando cara Occidente.

Novos inventos para navegación, como o compás e o astrolabio, que sirven para orientarse no mar seguindo as estrelas. Tamén mellora a cartografía, coa aparición dos portolanos. Os novos barcos (carabela e nao) permiten abandonar a navegación de cabotaxe e internarse no océano.

- Relixiosas. Loita contra os infieis e enfrontamento cos turcos; extensión do cristianismo a outras partes do mundo.

- Ideolóxicas. Afán aventureiro e de enriquecemento, e comprobar as teorías científicas do momento sobre a forma e as dimensións da Terra.

#### **2.2.- Os portugueses.**

Henrique o Navegante plantexa unha nova ruta cara a India bordeando a costa de África polo sur.

No 1479 (Tratado de Alcaçovas) prodúcese un primeiro reparto das áreas de conquista entre Portugal e Castela. Castela queda con Canarias e Portugal ten a exclusividade o sur do Cabo Bojador.

No primeiro terzo do S. XV conquistan as illas de Madeira, Azores e Cabo Verde. En 1431 pasan o Cabo Bojador. En 1460 chegan ao Golfo de Guinea. No 1487, Bartolomeu Días dobra o Cabo de Boa Esperanza. E no 1498 Vasco da Gama chega á India.

Os portugueses establecen factorías, puntos comerciais desde os que realizan intercambios de produtos co interior dos diferentes territorios (ouro, escravos, especias, etc.).

### 2.3.- Os casteláns.

Cristóbal Colón ten o proxecto de chegar á India navegando cara Occidente, seguindo a teoría de que a Terra era redonda.

O rei de Portugal rexéitao, mentres que os Reis Católicos aceptarán o seu proxecto a través das Capitulacións de Santa Fe (1492).

Colón parte do porto de Palos (3 de agosto) e chega á illa de Guanahaní o 12 de outubro de 1492, dándolle o nome de San Salvador.

Na primeira viaxe tamén percorre Cuba e A Española.

Realiza tres viaxes máis ás novas terras pero morre sen saber que era un novo continente e pensando que chegar ás Indias, de aí a denominación dese territorio e dos seus habitantes nativos.

### 2.4.- O reparto do mundo.

O Tratado de Tordesillas (1494) produce un novo reparto entre Castilla e Portugal. O acordo traza unha liña divisoria 370 leguas ao oeste de Cabo Verde. Portugal queda coa zona oriental, e Castela coa occidental. No 1500, Portugal establécese en Brasil.

No 1513 Vasco Núñez de Balboa cruza o istmo de Panamá e descobre o océano Pacífico (Mar do Sur).

Entre 1519 e 1522, Magalhaes e Elcano realizan a primeira volta ao mundo, e proban que a Terra é redonda.

## **3.- Transformacións políticas e relixiosas.**

### 3.1.- As novas monarquías.

Aparece o Estado Moderno; con el, as monarquías europeas reforzan o seu poder sobre a nobreza e as cidades.

As primeiras monarquías autoritarias confórmanse en Francia, Inglaterra e nos reinos peninsulares.

Estas novas monarquías contan cunha serie de ferramentas para o seu afianzamento:

- A unificación territorial. Unifican o territorio dos seus Estados e amplíano mediante guerras ou matrimonios concertados.

- Control dos poderes do Estado. Redúcese o poder da nobreza e a autonomía dos municipios. Os cargos de goberno en todos os ámbitos dependen do nomeamento por parte do rei. As Cortes, é dicir, o órgano de poder dos distintos territorios do reino, convócanse só de forma puntual.

- Nova administración. A Corte deixa de ser itinerante e a capital establécese nunha cidade determinada. A burocracia profesionalízase e mellórase para unha correcta execución das ordes do rei. Tamén se crean impostos ordinarios que proporcionan ingresos regulares á Coroa.

- Exército permanente. Durante o período feudal, o exército do rei depende da vontade da nobreza. Na Idade Moderna, por contra, os exércitos son permanentes e profesionais, pagados con impostos ordinarios.

- Diplomacia. Existen dous tipos de embaixadores; permanentes, que defenden os intereses da súa monarquía e pretenden resolver os conflitos de forma pacífica, e temporais, que concertan alianzas e tratados puntuais.

### 3.2- Reforma e Contrarreforma.

Entre as causas da Reforma podemos destacar o feito de que os Papas se ocupen máis dos asuntos políticos que dos espirituais; o luxo co que viven os bispos, que ademais non atenden as súas dióceses; a inmoralidade e a escasa preparación do baixo clero; ou o escaso seguimento que monxes e monxas fan das regras da súa orde.

O clero tamén comete outros abusos como o nepotismo (reparto de cargos

eclesiásticos entre os familiares do alto clero), o nicolaísmo (amancebamento dos membros do clero) ou a simonía (venta de cargos eclesiásticos e do perdón dos pecados a través de “indulxencias”).

- Táboa comparativa das Reformas protestantes e a Contrarreforma (páx. 24-25).

Fronte os movementos reformistas, a Igrexa Católica inicia unha reforma desde dentro para loitar contra o protestantismo; é o que se coñece como a Contrarreforma. Desenvólvese no Concilio de Trento (1545-1563). A Compañía de Xesús tamén xorde neste contexto; os xesuítas obedecen directamente ao Papa e dedícanse á predicación e á educación en apoio do Concilio de Trento.

#### **4.- Economía.**

A agricultura segue sendo a actividade que ocupa a unha maior cantidade de poboación. O S. XVI é positivo, coa roturación de novas terras e boas colleitas, co que aumenta a dispoñibilidade de alimentos.

A artesanía escapa ao control dos gremios a través do Domestic System e o Putting Out System.

Aumenta o comercio co Atlántico e aparecen novos produtos procedentes de América, coma o tabaco, o café, o cacao, metais preciosos, etc.

Iníciase o desenvolvemento do sistema capitalista; aparecen os primeiros bancos, os cheques e as letras de cambio.

#### **5.- Sociedade.**

Aumenta a poboación grazas á desaparición dos Xinetes da Apocalipse (peste, fame e guerra).

Pervive a sociedade estamental, pero coa aparición dun novo grupo: a burguesía.

No cumio atópase o rei. A continuación, o grupo privilexiado está composto pola nobreza (alta e baixa) e polo clero (regular e secular, e alto e baixo).

Entre os grupos non privilexiados, en primeiro lugar cabe destacar a burguesía. Por debaixo dela sitúase o grupo composto por pequenos artesáns, comerciantes e traballadores asalariados, que compoñen o resto da poboación das cidades.

A base da pirámide social está ocupada polo campesinado.

#### **6.- Cultura.**

O humanismo é un novo movemento cultural que toma a Antigüidade clásica como modelo e considera o ser humano como centro do mundo (antropocentrismo fronte a teocentrismo). As súas ideas difúndense, entre outras cousas, grazas á invención da imprenta (1448).

##### **6.1.- O Renacemento.**

###### **- Características xerais.**

O Renacemento é un estilo artístico vencellado ao humanismo que nace en Italia e se expande por parte de Europa. Baséase na Antigüidade clásica de Grecia e Roma.

Inspírase na natureza. Pretende representar fielmente a realidade. Crea profundidade a través da perspectiva lineal.

Tamén adopta o antropocentrismo como unha das súas ideas básicas; o ser humano é o centro da creación.

Os artistas deixan de ser artesáns e pasan a ser recoñecidos pola súa obra. Reciben o patrocinio de mecenas.

O Renacemento divídese en dúas etapas: o Quattrocento (S. XV) e o Cinquecento (S. XVI).

- Arquitectura.

Como material emprega a pedra.

As formas constructivas máis destacadas son as ordes gregas e romanas, os arcos de medio punto, e as cubertas planas ou abovedadas.

Entre os modelos máis importantes destacan as igrexas con pranta de cruz latina ou centralizada, no plano relixioso, e os palacios, no plano civil.